

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE XANEIRO DO 2024.****Sesión 02/2023-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p style="text-align: center;">Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p style="text-align: center;">Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;">Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p style="text-align: center;">Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p style="text-align: center;"><u>NON ASISTE</u></p> <p>D^a María Isabel Val Armesto Grupo Partido Popular de Sada (PP) (con excusa)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 25 de xaneiro do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
---	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de xaneiro do 2024 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 18/2023).

Pola Presidencia preguntáse aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 18/2023, do 28 de decembro; non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta, ordenando



a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- ADHESIÓN AO SISTEMA VIOGÉN.

Dáse conta polo presidente da proposición do 2024-01-25 que figura no expediente e que se reproduce a continuación literalmente, aclarando que como non foi ditaminada pola Comisión Informativa Especial de Seguridade Cidadá, aínda que hai un acordo previo na Xunta Local de Seguridade, é necesario votar a urxencia:

«PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Para o seu debate e de ser o caso aprobación polo plenario na sesión ordinaria do 2024-01-25, esta Alcaldía efectúa a seguinte PROPOSICIÓN:

1º.- *Adherirse ao Sistema de Seguimiento Integral en los casos de Violencia de Género (Sistema VioGén), de la Secretaría de Estado de Seguridad del Ministerio del Interior, programa de protección para as vítimas da violencia de xénero.*

2º.- *Facultar ao alcalde para a sinatura do correspondente convenio de adhesión e o resto da documentación necesaria para os efectos».*

Seguidamente, vótase sobre a urxencia de tratar este asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

Abre o debate a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, explicando en que consiste e como é o funcionamento do *Sistema VioGén*, sistema policial centralizado no Ministerio do Interior creado en cumprimento do establecido na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e polo que o concello xa manifestou á Subdelegación do Goberno o seu interese por se adherir a el na sesión da Xunta Local de Seguridade do pasado día 04 de decembro do 2023. Interveñen a sra. Pena Álvarez (GM); o sr. Graña Mosquera (GM); a sra. Arias Ferreiro (PP); e a sra. Salorio Porral (UPSA), quen di que xa o solicitara ela mesma como voceira entón do partido popular o 17 de xaneiro do 2020 para a sesión plenaria ordinaria dese mes e que o volveran mencionar na sesión plenaria de setembro. Todos anuncian que han votar a favor.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1º.- *Adherirse ao Sistema de Seguimiento Integral en los casos de Violencia de Género (Sistema VioGén), de la Secretaría de Estado de Seguridad del Ministerio del Interior, programa de protección para as vítimas da violencia de xénero.*

2º.- *Facultar ao alcalde para a sinatura do correspondente convenio de adhesión e o resto da documentación necesaria para os efectos.*

3º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 22 de decembro do 2023 (núm. 2381) ata o 19 de xaneiro do 2024 (núm. 97).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día



22 de decembro do 2023 (núm. 2381, do expediente 2023/G003/002479) ata o 19 de xaneiro do 2024 (núm. 97, do expediente 2024/G003/000098), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

Única.- Moción para demandar a que a Xunta de Galiza accións para paliar as consecuencias da “marea plástica” nas costas galegas.

O sr. Graña Mosquera (GM) indica que por consello da secretaria múdase onde pon *Esixir á Xunta de Galiza por Instar á Xunta de Galiza*. Deseguido, xustifica a urxencia da moción, presentada por el como membro do grupo mixto polo BNG.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

Logo o sr. Graña Mosquera dá lectura á moción, que a continuación se reproduce literalmente na súa versión orixinaria:

«Moción para demandar a que a Xunta de Galiza accións para paliar as consecuencias da “marea plástica” nas costas galegas

EMILIO GRAÑA MOSQUERA, concelleiro/a do Grupo Municipal do BNG do Concello de SADA presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Máis unha vez o litoral galego sofre unha catástrofe ambiental e máis unha vez a Xunta de Galiza afrontou esta crise con ocultación, con mentiras, cunha flagrante negligencia e deixando sós aos concellos.

O 8 de decembro, segundo os Gobiernos español e portugués, o barco “Toconao” perdía en alta mar varios colectores. Un deles levaba 1.050 sacos, de 26,25 quilos cada un de pellets plásticos. O 13 de decembro a Xunta de Galiza xa é sabedora deste vertido no medio mariño, máis non será ata practicamente un mes máis tarde, a causa da presión social e mediática, cando comece a tomar as primeiras medidas.

É o 4 de xaneiro, cando se dirixe por primeira vez a algúns concellos costeiros, mediante unha carta do conselleiro do Mar, mais non para ofrecerlle colaboración ou os medios humanos e técnicos necesarios, senón unicamente para lembrarlles as “competencias que ten a administración local na limpeza dos areais”, precisamente despois de que fore esa a única administración que, con recursos propios, estaba atendendo a limpeza das praias desde o primeiro momento.

Aínda que a marea plástica seguía a estenderse, o 6 de xaneiro o Goberno galego activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (Plan Camgal) no seu nivel mínimo, que se mantén ata o día 9 cando se decreta o nivel 2 que permite que poidan intervir medios estatais.

A día de hoxe a Xunta continúa sen dispoñer de persoal suficiente nas praias, só 200 efectivos, sen facilitar equipos ou material de protección para as miles persoas voluntarias que están efectuando a limpeza e que tampouco e quen de coordinar.

É evidente que o Goberno galego fixo deixación de funcións, abandonou os concellos á súa sorte, desentendeuse da coordinación do voluntariado, mesmo naquelas zonas medioambientalmente máis sensíbeis, e non está a prever as consecuencias que a marea plástica pode ter no sector pesqueiro e marisqueiro galego.

Por outra banda, vén de afirmar que, segundo os informes contratados a unha empresa privada, os plásticos non son “tóxicos nin perigosos”, valoración que non comparte nin a UE nin a Fiscalía de Medio Ambiente do Estado que xa abriu unha investigación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello de SADA propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

Esixir á Xunta de Galiza que:

- 1. Faga efectiva a súa colaboración cos concellos poñendo á súa disposición de inmediato todos os medios técnicos, materiais e humanos suficientes para facer fronte á crise ambiental que están a vivir.*
- 2. Aumente o persoal de limpeza das praias ao seu cargo, de xeito que ningún areal afectado quede sen atender.*
- 3. Centralice e se faga cargo de todas as xestións de reclamación de danos e resarcimento de gastos aos concellos por parte da aseguradora do buque que provocou o accidente.*
- 4. Despregue todos os buques e helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza para intensificar a vixilancia e actuar de inmediato.*



5. *Leve a cabo os estudos necesarios nos centros de investigación propios e en colaboración coas universidades galegas para determinar a composición e efectos dos plásticos, tanto na flora e fauna costeira como nas persoas.*

6. *Atenda a afectación que a marea plástica puidese ter na actividade pesqueira e marisqueira das nosas rías e, como consecuencia, nos traballadores e traballadoras do mar».*

A continuación procédese ao debate da moción, coas intervencións da sra. Pena Álvarez (GM); da sra. Arias Ferreiro (PP), quen anuncia que o seu grupo ha votar en contra; da sra. Nogareda Marzoa (UPSA); do sr. Fariña Andrade (SM); e outra vez do sr. Graña, da sra. Arias, da sra. Nogareda; de novo do sr. Graña, da sra. Arias e da sra. Nogareda.

A continuación, procédese á votación da moción (xa corrixida), obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 13 (7 SM, 4 UPSA e 2 GM).
- Votos en contra: 3 PP.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galicia que:

1. Faga efectiva a súa colaboración cos concellos poñendo á súa disposición de inmediato todos os medios técnicos, materiais e humanos suficientes para facer fronte á crise ambiental que están a vivir.
2. Aumente o persoal de limpeza das praias ao seu cargo, de xeito que ningún areal afectado quede sen atender.
3. Centralice e se faga cargo de todas as xestións de reclamación de danos e resarcimento de gastos aos concellos por parte da aseguradora do buque que provocou o accidente.
4. Despregue todos os buques e helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza para intensificar a vixilancia e actuar de inmediato.
5. Leve a cabo os estudos necesarios nos centros de investigación propios e en colaboración coas universidades galegas para determinar a composición e efectos dos plásticos, tanto na flora e fauna costeira como nas persoas.
6. Atenda a afectación que a marea plástica puidese ter na actividade pesqueira e marisqueira das nosas rías e, como consecuencia, nos traballadores e traballadoras do mar.

C. Rogos e preguntas.

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), fai os seguintes rogos:

1º.- Interésase pola funcionalidade da Biblioteca Municipal, que entende que está a ofrecer uns servizos bastante escasos, polo que solicita que se lle asignen máis recursos.

Intervén dando unha explicación para os efectos o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística.

2º.- Roga, para non se converter en puntos de vertedura permanentes, que se vaian limpando na medida do posible os que di que son moitos os puntos negros de verteduras incontroladas de entullo, pneumáticos, restos de poda e outros, e fai tamén unha chamada á responsabilidade da xente.

No eido das preguntas, o sr. Graña formula as seguintes:

1ª.- Pregunta pola necesidade da cita previa para empadroarse e polos prazos que concreta de ata dúas semanas.

2ª.- Pregunta que se ten pensado facer polo goberno municipal con respecto da fenda que hai nun lateral da capela de san Roque.

Novamente intervén o sr. Villar, dando as correspondentes respostas.

3ª.- Pregunta pola bañeira de hidromasaxe ou jacuzzi da piscina municipal, que di que segue a estar estragada.

A sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, contesta con relación ao jacuzzi.



A continuación, o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, dá unha explicación con respecto do segundo dos rogos, referido os vertedoiros incontrolados.

Tamén polo Grupo Mixto, a sra. Pena Álvarez (GM-PSdeG-PSOE), fai os seguintes rogos:

1º.- Fai referencia tamén á necesidade dunha campaña de sensibilización para combater as verteduras incontroladas.

2º.- Roga que se mire pola funcionalidade, limpeza, orde e tamén en especial pola estética dos puntos de recollida do lixo colocando elementos ornamentais para cubrir os contedores, que para o caso do núcleo urbano fai a suxestión de que foren de liña modernista, considerando que isto tamén axudaría a haber máis civismo.

En canto ás preguntas, a sra. Pena comeza por indicar que se lle debe unha, recibindo as desculpas por parte do presidente, sr. Portela Fernández (SM), e a continuación formula a seguinte:

Pregunta en que estado se atopa a execución do acordo do 27 de xullo relativo a *solicitar á xerencia da área sanitaria de A Coruña a dotación, de forma inmediata, do persoal necesario para proporcionar prestación de rehabilitación/fisioterapia nas quendas de mañá e tarde no PAC Sada-Bergondo.*

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández.

O sr. Lonja Tajés (PP) pregunta por que non se ten creado a día de hoxe a agrupación de voluntarios de Protección Civil, que di que ben podería complementar á Policía Local en servizos prioritarios como o da atención á entrada e saída dos colexios.

Contestan a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

No apartado de rogos, o sr. Lonja comenta sobre as lombas redutoras da velocidade que seguen á espera de recibires o informe coa avaliación sobre o cumprimento dos requisitos legais da obra que di que semella que supera os 25.000 euros, polo que roga que llelo faciliten a todos os grupos municipais o antes posible.

Intervén o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, dando unha explicación para os efectos.

O sr. España López (PP), logo dun pequeno debate co sr. Graña Mosquera (GM-BNG) sobre as preguntas formuladas por este, que di que xa as fixeran eles antes pero que entende que non lles contestan coa mesma rapidez, concisión e dunha maneira tan directa como ao sr. Graña, pregunta se actualmente se teñen planificadas algún tipo de medidas ou iniciativas programadas a curto e medio prazo que afecten ao comercio e á hostalaría.

Contesta o sr. Berrocal Fariña (SM), concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá; intervén tamén o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

O sr. España, facendo referencia aos estacionamento de vehículos máis ao *Feirón* dos sábados pola tarde, tamén roga sensibilidade á hora de sancionar en depende que zonas e que o transcurso da actividade do dito *Feirón* non afecte como di que está a afectar a comercios, vivendas e locais de hostalaría.

A sra. Arias Ferreiro (PP) roga que se inicien as actuacións oportunas para a mellora o antes posible polo ben de todos e da imaxe do concello das situacións de *feísmo*, insalubridade, perigo de lesións, dificultade para transitar, falta de iluminación, contedores mal situados e en mal estado, cableado aéreo penoso, ratas en varias zonas, soares abandonados, zonas de lameiros e sobre todo das beirarrúas, beiravías e pavimentos rotos, máis alá de só ter previsións no papel do orzamento.

Intervén o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, dando unha explicación para os efectos.

A sra. Arias logo da dita explicación tamén pregunta, deseguido, que se do que se trata é dunha cuestión económica e de escaseza de recursos humanos e que a pesares do traballo que se realiza a situación non mellora se entón habemos ter que seguir así, considerando que é un problema gordo.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000002

Intervén de novo o sr. Fariña.

A sra. Salorio Porral (UPSA) expón os seguintes rogos:

1º.- Roga que se contacte coa Deputación ou con quen corresponda para estudar a posibilidade de poñer algún paso de peóns na zona do cruce do lugar do Tarabelo onde están un tanatorio e un supermercado (a zona onde converxen as estradas AC-183, da Xunta de Galicia, e DP-5813, da Deputación Provincial).

Intervén o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, dando unha explicación para os efectos.

2º.- Roga que se lle dea solución e resposta a unha reclamación presentada hai tres meses pola asociación de veciños de Meirás e algún outro veciño para o control dunhas polas caídas no lugar do Perouteiro.

Intervén novamente o sr. Fariña, dando unha explicación para os efectos.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA), logo de facer unha exposición con respecto da que considera en xeral escaseza de asuntos para tratar en relación coas dedicacións exclusivas, roga ao equipo de goberno que traballen.

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM), quen anuncia a intención de traer o orzamento para a vindeira sesión plenaria.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 10 minutos do día xoves 25 de xaneiro do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.